

MEMORIA

a. Introducción

Partindo da necesidade de mellora das competencias lingüística e dixital do noso alumnado, e considerando prioritaria unha atención a todo o que poida favorecer a calidade da enseñanza, o traballo en equipo será tido en conta especialmente para o fomento da lectura, o uso da biblioteca, o acceso á información, a formación do espírito crítico, e a mellora da inclusión e igualdade.

O noso proxecto interdisciplinar levarase a cabo ao longo da terceira e cuarta semana de maio e a primeira de xuño. Serán nove os departamentos que colaboraran con diferente tarefas.

b. Obxecto ou temática de investigación propostos.

A temática é **A Comunidade Xitana**. O noso centro conta con alumnado de procedencia xitana que podería, por primeira vez, participar nun proxecto semellante que dará a coñecer, dun xeito natural e sinxelo, costumes, expresións cultutrais, biografías de personaxes salientables e descoñecidos e moitas outras cousas da cultura xitana.

c. Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta.

A directora, profesora de inglés, diseña o proxecto interdisciplinar, elabora un cronograma e o propón á profesora responsable da biblioteca.

Entre ámbalas dúas, proponse o proxecto e tarefas aos departamentos. Grazas á boa acollida polo profesorado da proposta de traballo interdisciplinar, a Comunidade

escolar aproveitouse desta iniciativa para se achegar á comunidade xitana, unha gran descoñecida en xeral, e para facer realidade a necesaria e obrigada inclusión.

d. Documentación elaborada para profesorado e alumnado.

Toda a información obtida tras un proceso de investigación reflectirase nos traballos expostos no "Parnasillo", espazo adicado as exposicións da biblioteca, e no blog da biblioteca, tarefa cotiá da que se ocupa a responsable da biblioteca.

Guía para traballo por proxectos elaborado polos distintos departamentos.

e. Relación de tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polos alumnos.

- Subtitulado en castelán e inglés dumha escea de Peaky Blinders.
- Voluntarios leen diversos contos da tradición xitana durante os recreos.
- Elaboración de podcasts sobre o mundo xitano.
- Impresión en camisetas da bandeira xitana.
- Maquetas de material de refugallo sobre o poblado xitano.
- Carteis como resultado da investigación dende o punto de vista hiatórico e xeográfico sobre o pobo xitano.
- O cartel como medio de comunicación e relación.
- Galeria de xitanos: matemáticos ilustres no mundo.
- Visionado do filme "Carmen y Lola" e posterior debate.
- Video: entrevista dun alumno xitano aos seus pais.
- Unha lección xitana, charla a cargo de membros do Secretariado Xitano de Pontevedra.

·La importancia de la educación: Charla de unha exalumna e de un invitado de orixe xitana.

·Concerto e charla a cargo dun músico profesional especialista en flamenco.

· Elaboración de chaveiros 3D coa bandeira xitana.

·Presentación na biblioteca de un video sobre xitanos famosos e pase dun filme de Charlot.

·Audicións de cancións interpretadas por mulleres xitanas.

f. Recursos utilizados así como unha enumeración detallada das principais fontes consultadas para a investigación.

Diferentes páxinas Web relacionadas co mundo e a cultura xitana.

Vease Materiais elaborados (arquivo pdf).

g. Implicación da comunidade educativa no seu caso.

Dende o principio a implicación do alumnado e do profesorado foi importante. Non só o alumnado participante no proxecto senón tamén o alumnado que visita a exposición dos traballos e que asiste ás actividades levadas a cabo na biblioteca ao longo da Semana Xitana.

O persoal non docente colaborou no proxecto facendo soar música de artistas xitanas, as 8.55 da mañan, xusto antes da primeira clase. os videos musicais veranse nas pantallas do corredor da entrada principal. Axudaron tamén a plastificar textos e fotos.

O Equipo de Orientación, o Equipo de dinamización lingüística, o Equipo de TICS e o Equipo de Igualdade colaboraron nas diferentes etapas do proxecto.

Representantes da ANPA e do Concello visitan a exposición e asisten as actividades do venres, 7 de xuño, último día da Semana Xitana.

A comunidade educativa agradece a axuda do Secretariado Xitano de Pontevedra, presentando Unha Lcción Xitana, charla de divulgación dos usos e costumes do pobo xitano.

Parabéns e agradecementos a invitados e invitadas que compartiron con nós anacos da súa vida ou da súa arte, facéndonos rir ás veces, pensar outras das veces, e sobretudo valorar a importancia da riqueza cultural.

[h. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.](#)

Do 3ao 7 de xuño, os traballos estiveron expostos no "Parnasillo" e foron visitados polo alumnado, profesorado e visitantes..

- A profesora responsable da biblioteca elaborou carteis xerais para anunciar a Semana Xitana e carteis específicos para anunciar as actividades de cada día.
- Na páxina Web do centro dase a coñecer a celebración da Semana Xitana.
- No blog da bilblieoca quedan rexistradas e datadas todas as actividades feitas durante a Semana Xitana.
- Invítase aos centros adscritos a visitar a exposición dos traballos e asistir as actividades.
- Invítase a prensa local a visitar a exposición e asistir as actividades.
- Invítase a representantes da ANPA do Centro
- Invítase áo representante do Concello no Consello Escolar

i. Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias clave do currículo, entre outros aspectos. Procedementos empregados.

Fanse dúas enquisas, inicial e final, que nos axudarán a rexistrar a mellora ou non das competencias clave.

Os resultados da enquisa final serán a testemuña da necesidade de proxectos interdisciplinar para a mellora da calidade educativa.

j. Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.

A profesora responsable da biblioteca se encarga de diferentes tarefas:

- Carteis; Fotos e videos; Blog da biblioteca.
- Arranxos do espazo na biblioteca para desenvolver actividades.
- Portadas de obras vencelladas ao pobo xitano.
- Axuda na procura de información.

O equipo da biblioteca participa no proxecto facendo tarefas específicas por departamentos.

- Uso da radio.- Montaxe de videos.

□